

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

20651 *Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Constitución española establece no seu artigo 149.1.30.^a, como competencia exclusiva do Estado, a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos na materia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 6.5 especifica que os títulos correspondentes ás ensinanzas reguladas por esta lei serán homologados polo Estado e expedidos polas administracións educativas nas condicións previstas na lexislación vixente e nas normas básicas e específicas que para o efecto se diten.

Para dar cumprimento ao disposto no citado artigo, procede aprobar tales normas reguladoras das condicións en que as administracións educativas competentes deberán levar a cabo a expedición de títulos correspondentes a estudos establecidos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, garantindo o seu carácter oficial, para os efectos da súa validez en todo o territorio español e do seu recoñecemento internacional.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Comisión Xeral de Educación da Conferencia Sectorial de Educación e emitiron informe o Consello Escolar do Estado, o Ministerio de Política Territorial e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as normas reguladoras das condicións en que as administracións educativas competentes deberán levar a cabo a expedición dos títulos correspondentes ás ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, de acordo co establecido no artigo 6.5 da dita lei.

2. Os títulos académicos e profesionais acreditativos da superación das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, con validez en todo o territorio nacional, serán expedidos pola Administración educativa a cuxo ámbito de competencia pertenza o centro docente en que se conclúsen os estudos correspondentes.

Artigo 2. *Modelo xeral de título.*

1. Os títulos serán expedidos, en nome do rei, polo ministro de Educación ou polo titular do órgano correspondente da comunidade autónoma de que se trate, de acordo co modelo que se inclúe como anexo I e coa totalidade dos elementos identificativos que figuran nel. A denominación dos títulos quedará reservada en exclusiva para cada un deles.

2. Os títulos expediranse en castelán coas especificacións e dilixencias que sobre o seu texto se establecen no anexo II e na cartolina soporte cuxas características mínimas se determinan no anexo III. As comunidades autónomas con lingua cooficial distinta do

castelán poderán expedir os títulos en castelán ou en texto bilingüe. Neste caso expediranse nun só documento redactado en castelán e na outra lingua oficial da comunidade autónoma, en tipos de letra de igual rango.

Artigo 3. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento de expedición de títulos iniciarase por solicitude do interesado e logo do pagamento das taxas correspondentes.

2. A proposta de expedición dun título só se poderá efectuar se o interesado cumpriu previamente os requisitos que para a súa obtención exigen as normas vixentes e aboou, se é o caso, as correspondentes taxas.

3. As administracións educativas, no seu ámbito de competencias, establecerán o procedemento de tramitación das solicitudes, así como os prazos para resolver a expedición dos títulos, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4. *Rexistros das administracións públicas.*

1. Os títulos quedarán inscritos no Rexistro Público de Titulados que para estes efectos existe en cada unha das administracións educativas competentes.

2. Sen prexuízo dos criterios de organización e funcionamento que establezan para o seu rexistro, cada Administración educativa deberá atribuír a cada título un código que se imprimirá nel como medida de autenticidade e que formará parte da clave rexistral identificativa do carácter oficial do título.

3. Respecto á constitución e funcionamento destes rexistros e en particular no acceso aos seus datos, observaranse as previsións que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as contidas no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5. *Rexistro Central de Títulos.*

1. Antes da impresión dos títulos, as administracións educativas remitirán ao Rexistro Central de Títulos do Ministerio de Educación os datos correspondentes a eles para a súa integración no dito rexistro central, así como para a asignación do número correspondente, que se imprimirá no título, formando parte da clave identificativa oficial deste.

2. Ao Rexistro Central de Títulos seralle de aplicación o disposto no número 3 do artigo 4.

Artigo 6. *Taxas.*

As taxas que deban aboar os interesados, nos casos e polos conceptos que procedan, constituirán ingresos exixibles pola Administración que expida os títulos.

Artigo 7. *Procedemento de reexpedición.*

1. Os títulos cuxa expedición se regula neste real decreto son documentos públicos. Calquera modificación, alteración ou emenda que legalmente proceda efectuar no seu contido exixirá a súa reexpedición material por procedemento análogo ao seguido para a expedición do orixinal.

Procederá a expedición de duplicado dun título nos casos de extravío, destrución total ou parcial, ou rectificación do orixinal. Cando a expedición dun duplicado se deba a causas atribuíbles ao interesado, será pola súa conta o aboamento das correspondentes taxas.

2. No duplicado que se expida deberán figurar impresas as mesmas claves rexistrais que no orixinal respectivo.

Disposición adicional primeira. *Títulos obtidos en centros españois no estranxeiro.*

A expedición dos títulos correspondentes a estudos terminados nos centros a que se refire o Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, polo que se regula a acción educativa no exterior, será realizada polo Ministerio de Educación.

Disposición adicional segunda. *Títulos anteriores á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

A expedición dos títulos, diplomas e certificados correspondentes aos sistemas educativos anteriores ao establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, seguirá rexéndose polo Real decreto 1564/1982, do 18 de xuño, e polo Real decreto 733/1995, do 5 de maio, así como polas súas normas complementarias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o número décimo segundo, punto 2, así como a referencia que se fai a el no punto 3 da Orde do 24 de agosto de 1988 pola que se regula o procedemento de expedición dos títulos, diplomas e certificados correspondentes aos estudos de educación xeral básica, bacharelato, formación profesional e ensinanzas artísticas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, segundo o cal corresponde ao Estado a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Habílitate o ministro de Educación, logo de informe do Consello Escolar do Estado e da Axencia Española de Protección de Datos, para desenvolver, cando iso for preciso, o presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL